

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no “Diario Oficial de Galicia”)	

SUMARIO:

Orde do 12 de agosto de 2024 pola que se modifica a dotación orzamentaria da Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR670B).

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

O día 2 de febreiro de 2024, a Consellería do Medio Rural publicou a Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR670B).

O artigo 25 da citada orde regula as aplicacións orzamentarias e os importes económicos previstos para o financiamento da axuda para creación de superficies forestais, e indica os casos no que a conselleira competente no medio rural poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento da orde, cando o incremento derive ben dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou ben da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. Neste caso procede o incremento do orzamento da existencia de



remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

A dotación orzamentaria desta orde na aplicación 14.03.713B.770.0 é a seguinte:

a) Código de proxecto 14.03.713B.770.0.2016 00207 por un importe de 1.379.520 euros (137.952 euros no ano 2024 e 1.241.568 euros no ano 2025). Este crédito destinarase ás axudas solicitadas por todo tipo de beneficiarios recollidos nesta orde, excepto entidades locais

A dotación asignada no código de proxecto 14.03.713B.770.0.2016 00207 é insuficiente tendo en conta o importe das solicitudes recibidas, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria das anualidades 2024 e 2025 para a concesión das mencionadas axudas.

Segundo o establecido na Orde do 25 de abril de 2024 pola que se regulan as actuacións orzamentarias e contables necesarias para a adaptación do orzamento á estrutura da Xunta de Galicia aprobada no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia o novo código orzamentario da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal é o 45.

Por todo o anterior procede ampliar a dotación orzamentaria asignada con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes na aplicación 45.03.713B.770.0 por importe de 3.700.000,00 euros, nas seguintes anualidades:

– Ano 2024: 370.000,00 euros

– Ano 2025: 3.330.000,00 euros

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. Modificación do apartado a) do artigo 25.1 da Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento



Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MR670B).

O apartado a) do punto 1, do artigo 25 queda como segue:

a) Código de proxecto 45.03.713B.770.0.2016 00207 por un importe de 5.079.520,00 euros (507.952,00 euros no ano 2024 e 4.571.568,00 euros no ano 2025). Este crédito destinarase ás axudas solicitadas por todo tipo de beneficiarios recollidos nesta orde, excepto entidades locais.

Resérvanse 900.000,00 € para solicitudes que se foresten nos terreos cuxa superficie estea ocupada na súa totalidade por eucalipto (*Eucalyptus* sp.) con diámetro normal medio inferior a 10 cm, por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), por masas mixtas de coníferas, frondosas e matogueira, con diámetro normal medio conxunto inferior aos 10 cm, en que a superficie ocupada pola especie dominante non supere o 60 % da superficie total ou superficies que, conforme as alíneas c), d), e), g), h), i) e j) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, poden plantarse con frondosas do anexo I da Lei 7/2012. No caso de que os ditos expedientes non cubran o dito importe, o remanente dedicarase ao resto de solicitudes.

Artigo 2. Ausencia de efectos sobre o prazo de solicitudes

A modificación prevista no artigo 1 desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2024

A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez

INSÍRASE EN DOG

O secretario xeral técnico

Jorge Atán Castro

